

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓNS TERRITORIAIS

11506 *Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, polo que se fixa o cadro de persoal da Garda Civil para o período 2017-2021.*

O artigo 25.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, establece que o cadro de persoal do dito corpo, en situación de activo, se axustará aos créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado. Así mesmo, o mencionado artigo recolle no seu número 2 que o Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior, fixará, con vixencia para períodos de catro anos cada un, o cadro regulamentario para os distintos empregos e escalas, excepto os correspondentes ao primeiro emprego de cada escala, cuxos efectivos serán os que resulten da provisión anual de prazas.

Con vixencia para o período comprendido desde o 1 de xullo de 2013 ata o 30 de xuño de 2018, ambos incluídos, o Real decreto 388/2013, do 31 de maio, fixou o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas do corpo da Garda Civil, establecendo os efectivos máximos nas situacións administrativas de servizo activo e suspenso de funcións.

Non obstante, a disposición transitoria novena da Lei 29/2014, do 28 de novembro, dispón que o Real decreto 388/2013, do 31 de maio, terá vixencia ata o 30 de xuño de 2017 e, a partir desta data, o Goberno aprobará un novo cadro de persoal que terá en consideración o proceso de constitución da nova escala de oficiais definida na propia lei, polo que, ata que non finalice o dito proceso, non se incluírán os empregos de capitán, tenente e alférez.

O cadro de persoal regulamentario que se estableza no segundo semestre do ano 2017 recollerá que o correspondente á nova escala de oficiais non poderá ser inferior ao actualmente fixado para a escala superior de oficiais. Fixará igualmente o correspondente aos empregos de tenente coronel e comandante da escala a extinguir de oficiais, que será, polo menos, de sesenta compoñentes do primeiro emprego e cento vinte do segundo.

Para dar cumprimento ao mandato legal e facer posible a consecución dos obxectivos do Goberno en materia de seguridade pública, cómpre fixar un novo cadro de persoal regulamentario para os próximos catro anos.

Xunto co mantemento da cobertura operativa actual, este real decreto permite unha mellor optimización dos recursos de persoal dispoñibles tendo en conta o vixente escenario económico de restrición orzamentaria.

En canto ao seu contido e tramitación, este real decreto observa os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos como principios de boa regulación polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por último, en cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, este real decreto foi sometido ao informe do Consello da Garda Civil.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Defensa e do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de setembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Cadro de persoal regulamentario.*

1. Con vixencia para o período comprendido desde o 1 de xullo de 2017 ata o 30 de xuño de 2021, ambos inclusive, o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas do corpo da Garda Civil, excepto o correspondente ao primeiro emprego de cada escala e os empregos de capitán, tenente, alférez, ata que non finalice o proceso de constitución da nova escala de oficiais definida na Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, será o seguinte:

Escala	Emprego	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021
Oficiais.	Tenente xeneral.	4	4	4	4
	Xeneral de división	7	7	7	7
	Xeneral de brigada	23	23	23	23
	Coronel	117	117	120	124
	Tenente coronel.	217	217	220	225
	Comandante	256	277	302	322
Facultativa superior da Lei 42/1999.	Coronel	1	1	1	1
	Tenente coronel.	4	4	4	4
	Comandante	10	10	21	34
Oficiais da Lei 42/1999.	Tenente coronel.	60	60	60	64
	Comandante	120	120	120	136
Facultativa técnica da Lei 42/1999.	Comandante	5	5	5	5
Suboficiais.	Suboficial maior.	46	46	52	60
	Subtenente	540	540	564	594
	Brigada.	940	940	979	1.024
	Sarxento primeiro	2.016	2.016	2.026	2.046
Cabos e gardas.	Cabo maior	60	60	68	80
	Cabo primeiro	5.919	5.994	6.162	6.440
	Cabo	1.480	1.480	1.480	1.480

A distribución que se fai por períodos anuais comeza o 1 de xullo e estará vixente ata o 30 de xuño do ano seguinte.

2. Cando se designe un oficial xeneral para ocupar cargos no ámbito dos órganos centrais ou organismos autónomos dos ministerios de Defensa e do Interior ou en organizacións internacionais, así como en misións para manter a paz e seguridade internacionais que comporten o cesamento no destino, na Casa da Súa Maxestade o Rei, na Presidencia do Goberno ou en departamentos ministeriais, considerarase cadro de persoal adicional, salvo que estean especificamente asignados ao corpo da Garda Civil.

Artigo 2. *Persoal de cadro.*

O cadro de persoal que se establece no artigo 1 representa os efectivos máximos en cada emprego e inclúe todo o persoal que se encontre nas situacións administrativas de servizo activo e suspenso de funcións.

Artigo 3. *Amortización de excedentes.*

Os excedentes de cadro de persoal que existan en todo momento nos diferentes empregos e escalas, en relación co cadro de persoal fixado no artigo 1, amortizaranse non dando ao ascenso as seguintes vacantes:

- a) Nos empregos da categoría de oficiais xenerais, as primeiras que se produzan.
- b) Nos restantes empregos, a última que se produza de cada tres.

Disposición adicional primeira. *Cobertura do cadro de persoal.*

O cadro de persoal cubrirase na medida en que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan. Así mesmo, a súa cobertura non poderá supor incrementos netos de gastos de persoal e, no caso de que se produzan, deberanse compensar coa redución doutras partidas de gastos de persoal da Dirección Xeral da Garda Civil.

Disposición adicional segunda. *Ascensos ao emprego de capitán.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto e durante o seu período de vixencia, o ascenso ao emprego de capitán nas distintas escalas da Garda Civil determinarase de acordo coas seguintes condicións:

a) O número máximo de capitáns na escala de oficiais quedará determinado polos efectivos deste emprego que se incorporen á escala como consecuencia do proceso de integración. Ata chegar a ese número, daranse ao ascenso todas aquelas vacantes que se produzan, de acordo coa normativa en vigor sobre avaliacións e ascensos da Garda Civil.

b) O número máximo de capitáns na escala de oficiais da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, quedará determinado polos efectivos que permanezan nesta escala, tras a incorporación á escala de oficiais daqueles que cumpran os requisitos para iso. Ata chegar a ese número, daranse ao ascenso todas aquelas vacantes que se produzan, de acordo coa normativa en vigor sobre avaliacións e ascensos da Garda Civil.

c) Os tenentes das escalas facultativa superior e facultativa técnica, ambas da Lei 42/1999, do 25 de novembro, ascenderán ao cumpriren o tempo mínimo de servizo no emprego de tres e cinco anos, respectivamente.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 388/2013, do 31 de maio, polo que se fixa o cadro de persoal do corpo da Garda Civil para o período 2013-2018, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e para o período anual 2017/2018 será efectivo desde o 1 de xullo de 2017.

Dado en Madrid o 29 de setembro de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN